

SERVIZO DE
EDUCACIÓN

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 72-142

ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

SOLICITANTE: DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME:

En resposta á solicitude sobre xustificación da condición de subvencións nominativas achégase a seguinte información:

3260 4890001 CONVENIOS FOAMPA..... 606.039,31

- Nome e CIF: Federación Olívica de ANPA (F.O.A.N.P.A.) CIF: G-36743946
- Beneficiario: FOANPA, que é a Federación das ANPAS dos centros públicos de ensino de Vigo.
- Contía: 606.039,31 €
- Xustificación do seu carácter nominativo:

O convenio coa Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca xustifícase nas competencias que ten o Concello de Vigo para a realización das actividades ás que se refire o mesmo para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeiro orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sana e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares, nas que se promoven o exercicio físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares, ao tempo que se facilita a conciliación familiar.

Con esta subvención fináncianse 52 Anpas que prestan servizo en 25 comedores escolares para 2.200 comensais; Aulas Matinais que atenden a 650 escolares e 450 actividades extraescolares nas que participan uns 9.000 alumnos.

3230 4510000 COFINANCIACIÓN ESCOLAS INFANTÍS CCAA.....205.500,00

Non ten o carácter de subvención por canto son achegas dinerarias a favor da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a cofinanciar os servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Consorcio con base regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. (DOG núm 28, do 9 de febreiro de 2017).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/06/2021 08:42

Páxina 1 de 2

72/142

CSV: A1A7A5-AAA5EA-8241C9-5PMNGL-V5RKXT-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE
EDUCACIÓN

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



3231 4890000 TRANSFERENCIAS TITORÍAS E PROFESORADO AULA UNED.....250.000,00

Non ten carácter de subvención en canto financia os compromisos adquiridos polo Concello de Vigo cunha institución de dereito público en base ao Convenio entre a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Concello de Vigo para a creación dunha aula de ensino superior a distancia da UNED.

A Xefa do Servizo de Educación (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/06/2021 08:42	Páxina 2 de 2
72/142	CSV: A1A7A5-AAA5EA-8241C9-5PMNGL-V5RKXT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		